

Impactos do cambio climático en Galicia



A partir das evidencias do cambio climático en Galicia citadas no número anterior, prevense os seguintes impactos no clima e no campo galego:

Temperatura:

- Estímase que a mediados de século a temperatura media anual aumentará 1,5 °C con respecto a finais do século XX.
- O aumento de temperatura será maior no verán (en torno a 2,5 °C) e na primavera (aproximadamente 2 °C).
- En xeral, agárdanse maiores incrementos en temperatura máxima no verán, que chegarían a 2,75 °C. Os incrementos de temperatura mínima esperados son algo menores en xeral, aínda que no verán tamén poderían chegar a ser de 2,75 °C, pero de forma máis puntual e non na costa.
- Temperaturas extremas:
- Espérase un aumento do número de días cálidos e noites cálidas e un descenso do número de días fríos e noites frías.
- Igual que nos valores por termo medio, os incrementos son maiores no verán e especialmente xeneralizados ao longo do territorio no caso do incremento de días cálidos.
- Materia orgánica do solo:
- Para o período 2075-2099, prevense reducións de entre o 60 e o 70% na materia orgánica dos solos de cultivo que non foron tratados con fertilizantes orgánicos.

serviranlles para mellorar o servizo de asesoramento medioambiental que prestan, por exemplo aos que queiran beneficiarse do “Plan Renove” da maquinaria agrícola para mellorar a eficiencia enerxética, aforrar carburante e reducir as emisións contaminantes á atmosfera, que poden tramitar a axuda nas oficinas comarcais de Unións Agrarias ata o 7 de xullo.



Reunión en Guitiriz.

O vindeiro 5 de xuño celebrárase unha xornada en Irixoa (A Coruña) que inclúe a visita ao parque eólico experimental “Sotavento”.

O proxecto “Cambiar o cambio” estará presente do 11 ao 14 de xuño na Feira Internacional Semana Verde de Galicia. Dous técnicos

do proxecto proporcionarán información e resolverán as dúbidas dos visitantes do stand, que contará con paneis informativos, videoproxeccións, material informativo, etc. No marco da feira, o venres 12 ás 12 da mañá celebrárase unha Xornada Técnica sobre “O sector agroforestal galego fronte ao Cambio Climático”.

No mes de xuño comezarán as xornadas de sensibilización no ámbito escolar “O agricultor galego fronte ao cambio climático”, para darlle a coñecer ao alumnado a importante contribución do sector agroforestal para combater os efectos do cambio climático e para a conservación do medio ambiente. Os primeiros eventos terán lugar nos centros de primaria de Vimianzo e Cambados.

Para máis información pódese consultar a web www.unionsagrarias.org/life+cambiarocambio



Xornada Cambio Climático.

“Coa contribución do instrumento financeiro LIFE da Comunidade Europea”.

Este material non expresa necesariamente a visión da Comisión.